



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Ensino da lingua oral a xordos e da lingua de signos a oíntes	Código	613836034	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Departamento profesorado másterLetrasPsicología			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Bao Fente, María Concepción	Correo electrónico	maria.bao@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Particularidades e características xerais do ensino aprendizaxe das linguas orais e visoxestuais a xordos e ouvintes			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
A7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...).
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
C3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Identificar as características fundamentais dos procesos de ensino, aprendizaxe e avaliación da LO a xordos e da LSE a ouvintes	AI1	BI2	CM3
	AI6	BI3	CM8
	AI7	BI8	
	AI9	BI9	

Contidos	
Temas	Subtemas



1.-Que linguas aprender?A comunicación e a privación lingüística	1.a.- Elementos 1.b.- Procedementos
2.- Que podemos facer os lingüistas para mudar a historia da educación dos xordos? Ensino de lingua oral a xordos	2.a.- Aproximación ao ensino da lectura 2.b.- A lectura das linguas orais 2.c.- A lectura en linguas ideográficas
3.-É difícil para os ouvintes aprender linguas de signos? Ensino das linguas de signos aos ouvintes	3.a.- Métodos de ensino: Autoaprendizaxe.Con profesor. A distancia 3.b.- Gramáticas 3.c.- Dicionarios 3.d.- Estudos lingüísticos e sociolingüísticos
4.- Por que é difícil para as persoas xordas aprender linguas de orais escritas? Ensino das linguas orais a persoas xordas.	4.a.- Historia 4.b.- Análise de propostas
5.- Que repercusións ten a escrita na lingua?, e nos falantes? A transmisión escrita das linguas de signos	5.a.- Documentación 5.b.- Análise

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A6 A7 B2 B3 B9 C3 C8	10	10	20
Traballos tutelados	A9 A1 B8	6	9	15
Presentación oral	A7 B2 B8 C8	2	3	5
Análise de fontes documentais	B2 B3 B8 C8 C3	10	25	35
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Dinámica na que o alumnado discute de forma libre, informal e espontánea sobre os contidos e temáticas propostas, coordinados pola docente. Para poder participar na mesma é preciso a revisión previa das fontes documentais proporcionadas con anterioridade a cada sesión lectiva.
Traballos tutelados	A posta en práctica das diferentes tarefas e actividades de tipo individual ou grupal que serán realizadas tanto nas sesións expositivas como interactivas servirán para aplicar os contidos teóricos traballados previamente e facilitar así unha aprendizaxe autónoma por parte do alumnado.
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado presenta de xeito dinámico o traballo tutelado realizado ante o resto de compañeiros e a docente, a partir da cal se fará unha discusión dirixida sobre as temáticas e contidos relacionados.
Análise de fontes documentais	Lecturas, documentos audiovisuais, referencias, ect. que se analizarán no desenvolvemento das sesións expositivas e interactivas como introducción, complemento ou síntese dos contidos traballados de carácter teórico e práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O profesor prestará atención personalizada ao alumnado para o seguimento das diferentes tarefas e actividades que se vaian propoñendo ao longo do curso.
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Análise de fontes documentais	B2 B3 B8 C8 C3	As lecturas, documentos audiovisuais, referencias, ect. que se revisarán no desenvolvemento das sesións expositivas e interactivas como introducción, complemento ou síntese dos contidos traballados de carácter teórico e práctico serán avaliados especificamente tanto nas discusións dirixidas como no traballo tutelado.	20
Discusión dirixida	A6 A7 B2 B3 B9 C3 C8	Dinámica na que o alumnado discute de forma libre, informal e espontánea sobre os contidos e temáticas propostas, coordinados pola docente. Para poder participar na mesma é preciso a revisión previa das fontes documentais proporcionadas con anterioridade a cada sesión lectiva.	20
Traballos tutelados	A9 A1 B8	A posta en práctica das diferentes tarefas e actividades de tipo individual ou grupal que serán realizadas tanto nas sesións expositivas como interactivas servirán para aplicar os contidos teóricos traballados previamente e facilitar así unha aprendizaxe autónoma por parte do alumnado.	40
Presentación oral	A7 B2 B8 C8	Exposición verbal a través da que o alumnado presenta de xeito dinámico o traballo tutelado realizado ante o resto de compañeiros e a docente, a partir da cal se fará unha discusión dirixida sobre as temáticas e contidos relacionados.	20

Observacións avaliación

- Para superar a materia cómpre obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (presentación, traballo/s e análise/discusión de fontes documentais).
- A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de maio.
- Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (aprobadada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concurra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.
Así, será cualificado como "Non presentado" cando:
 - Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docente, ou
 - Non entregue o traballo programado, nin realice a presentación correspondente e tampouco se presenten na data establecida para a a proba no período oficial de avaliación.
- No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das tarefas, actividades ou calquera tipo de proba de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4) Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento"
- Asimesmo, en calquera caso, aplicarase á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación a seguinte modificación aprobada no Regulamento disciplinar do estudantado da UDC (Consello de Goberno do 28/06/2023), artigo 11, apartado 4 b), que establece a "[c]ualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".
- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria nesta materia incorpórase a perspectiva de xénero. Entre outras medidas, usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos e propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero, propóranse accións e medidas para corrixilas.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Báez Montero, Inmaculada y Herminda Otero Doval, (2015). Buscando respuestas en lengua de signos. Lugo: Axac, col. En-Señas - Gesser, Audrei (2012). O ouvinte e a surdez. Parábola
----------------------------	--



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Os contidos e actividades serán accesibles para todo o alumnado. No caso do alumnado con diversidade funcional ou NEAE facilitarase a adquisición das competencias da materia dun xeito inclusivo, de acordo as recomendacións e axustes razoables propostos pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías